

**A Xunta da “luz verde”  
para a área comercial  
de O Rei**

Páxina 3

**Artista recibe a  
creadores de Cabo Verde**

Páxina 4

**“Mareas do  
Coñecemento” en Covelo**

Páxina 6

**Esixen cobertura  
médica para Mondariz**

Páxina 8

**Impulso para o Parque  
Empresarial de O Vieiro**

Páxina 9

**O Porriño modernizará  
o seu Auditorio**

Páxina 12

**Delimitación entre Mos  
e Redondela**

Páxina 13

**Renovación da Praza de  
Abastos de Salceda**

Páxina 15

**Nova pista de  
pump track en Salceda**

Páxina 15

**A UVigo, na misión  
espacial Artemis II e  
SpaceLab en China**

Páxina 16



## Reedición do bipartito MS-PSOE en Salceda de Caselas

Páxina 15

**“Arbo, Vila da Lamprea”  
presentouse en Barcelona**

Páxina 7



**DUAL®**  
**pik**

“Sin duda,  
el mejor  
colchón  
de Pikolin.”

CON DIFERENTES LECHOS PARA  
CADA MIEMBRO DE LA PAREJA

**pikolin**

**BOINSCON CENTER**

**euronics**

Concha Brey, 4  
PONTEAREAS  
Teléfono: 986 640 115  
609 85 14 52

**Todos a tu  
servicio**

## EDITORIAL

Guillermo Rodríguez. Director



## Para cando a coxestión de empresa?

Nestes momentos en que os representantes dos empresarios, co Sr. Garamendi á cabeza, están refusingo a súa participación nas reunións que convoca o Ministerio de Traballo e Economía, convén refrescarlles a memoria e convidalos a ler a Constitución Española, esa que tanto lles gusta poñer sempre sobre a mesa, para que nos digan que pensan do artigo 129.2 cando di: "Os poderes públicos promoverán eficazmente as diversas formas de participación na empresa e fomentarán, mediante a lexislación adecuada, as sociedades cooperativas. Tamén establecerán os medios que faciliten o acceso dos traballadores á propiedade dos medios de produción".

Non é unha idea nova. A participación dos traballadores na empresa xa figuraba na Constitución de 1931 que prevía a súa presenza na dirección, na administración e nos beneficios empresariais. Nembargantes pese a figurar na Constitución vixente de 1978 no art. 129.2 apenas tivo desenvolvemento efectivo e segue sendo unha promesa constitucional.

O informe presentado polo Ministerio analiza a situación e pon de relieve unha paradoxa evidente: mentres en España o debate parece novidoso, en gran parte de Europa a participación dos traballadores na gobernanza empresarial é unha práctica consolidada dende hai décadas.



martirena

A Unión Europea leva anos promovendo este modelo. Diversas directivas e resolucións comunitarias recoñecen as súas vantaxes e recomentan aos Estados membros facilitar a súa implantación. En países como Alemaña, Austria, Francia, Suecia ou Países Baixos, os traballadores participan nos órganos de Administración ou vixianza das sociedades.

A práctica financeira tamén está bastante estendida. En Francia ou Suecia os traballadores posúen participacións relevantes no capital de moitas empresas. Incluso, fora de Europa existen modelos consolidados

como o Sistema ESOP (coñecido como "Plan de Participación Accionaria para empregados") É un programa que lles ofrece a oportunidade de converterse en accionistas da empresa na que traballan, permitíndolles adquirir unha parte da propiedade por medio de accións. Aínda que España non é completamente allea a esas experiencias, o seu desenvolvemento ten sido limitado.

A participación dos traballadores tense centrado principalmente no ámbito da economía social: cooperativas, sociedades laborais e caixas de aforro. En determinados casos derivados da normativa europea.

Reforzar a participación dos traballadores non é só unha cuestión laboral. Pode contribuir a mellorar a innovación, a resiliencia empresarial, a calidade do emprego e a sostibilidade social.

Para debater todas estas cousas o Ministerio de Traballo convocou o pasado 12 de marzo á mesa de diálogo social. Os sindicatos asistiron e destacaron a importancia de reforzar a democracia, en particular na

empresa.

As organizacións empresariais, sen embargo, decidiron non asistir. Cualificaron a proposta, nos medios de comunicación, como un ataque populista ao mundo empresarial, un exercicio de intervencionismo ou incluso unha ameaza ao dereito de propiedade.

Numerosos estudos demostran que estes modelos non reducen a inversión; pola contra acostuma mellorar a produtividade, a innovación, a calidade da organización do traballo e a estabilidade a longo prazo das empresas.

Aquí tampouco se propón "regalarlle empresas" aos traballadores. O que se busca é que os convenios colectivos e os acordos de empresa poidan establecer mecanismos de participación das persoas traballadoras nas decisións estratéxicas e no capital.

En última instancia, o obxectivo e sinxelo: que as empresas españolas dispoñan de ferramentas semellantes as dos demais países europeos para afrontar os desafíos dunha economía baseada cada vez máis na innovación e nos activos intanxibles. Por iso sorprende que este debate non fora abordado pola patronal no espazo natural para facelo: o diálogo social.

Saían a tomar o sol pero teñan coidado coas insolacións. Pode ser peor o remedio que a enfermidade.

**Autoescuela  
PONTEAREAS**

C/. Virgen de Los Remedios, N.º 16  
36860 PONTEAREAS  
Tfnos: 986 66 08 96 - 604 04 77 03

**La Giralda**  
ESTÉTICA & PELUQUERÍA

*Pasión por la Belleza*

Síguenos **FB**

C/ Castañal, 14 bajo- 36860 Ponteareas  
986 660 477 / 660 860 645  
peluquerialagiralda@hotmail.com

**Servicio integral a la construcción**

DERIVADOS DEL CEMENTO  
**COVELO**

986 644 036  
www.covelo.cc  
grupoluco@covelo.cc

Máis información na nosa web  
[www.novasdoeixoatlantico.com](http://www.novasdoeixoatlantico.com)

**FORO A PENEIRA**

**Director:** Guillermo Rodríguez Fdez.  
T.658 58 50 49  
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

**Edita:** Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.  
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD  
(36860 PONTEAREAS - GALIZIA)  
T. 658 58 50 49 - x.foroapeneira@gmail.com

**Imprime:** Publicaciones Tameiga S.L.

**Publicidade:** Dpto. propio e axencias  
x.foroapeneira@gmail.com

**Deseño e maquetación:** Fran Eiró

**Colaboradores:** Roberto Mansilla Blanco, Montserrat Rodríguez, Anxo S. Porto Ucha, Raquel Vázquez, Carlos Méixome, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Baldomero Iglesias (Mero), Nicolás Xamardo, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela.

**Depósito legal:** VG 226-2018

## PONTEAREAS

## Visto bo para a área comercial de O Reiro

DOGGA publicou a resolución do Informe Ambiental Estratéxico (IAE) emitido pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta na que se aproba o plan parcial do sector de solo urbanizable industrial SURBZ-T-01 na zona de O Reiro. Unha vez emitido, o IAE foi remitido á empresa promotora, Nieto y Cid SL, así como ao órgano sustantivo, o Concello de Ponteareas.

O obxectivo é establecer unha ordenación pormenorizada dos terreos clasificados no PXOM para solo urbanizable de uso global



terciario-comercial cunha superficie de 6.426 m2. O borrador do PXOM propón axustar e incorporar unha parcela de 365 metros pro-

riedade da empresa promotora para o establecemento comercial na parte superior e unha zona verde para a parte baixa.

## “Voces nas Mans” para a inclusión

Concello informou da creación dunha nova asociación de carácter social e voluntariado municipal, “Voces nas Mans”, formada por persoas xordas e oíntes que traballan conxuntamente para promover unha inclusión real baseada na convivencia, o respecto e o coñecemento mutuo.

A asociación promove a aprendizaxe da lingua de signos, o achegamento entre comunidades e a creación de vínculos baseados na empatía e na colaboración.



“Voces nas Mans” participa no concurso Gran Vía Suma organizado polo centro comercial Gran

Vía Vigo, que busca dar visibilidade a proxectos sociais con impacto positivo na contorna.

## Adquisición de dúas obras de Alfonso Pexegueiro

Concello vén de adquirir dúas láminas do recoñecido artista e escritor ponteareán Alfonso Pexegueiro. As dúas novas láminas renden homenaxe á Menina Agustina Sarmiento, nada no convento de San Diego de Canedo, nun xesto que busca visibilizar e difundir a figura de Pexegueiro e a da Menina.

Na actualidade o Concello desenvolve diferentes iniciativas orientadas á promoción da crea-



ción artística e literaria tales como as xornadas “A Voz e a Pa-

labra” e a exposición “As portadas de Pexegueiro” en Artistea.

## O BNG propón a atención á saúde mental



A líder nacionalista en Ponteareas, Cristina Fernández, reclamou o reforzo urxente do cadro de persoal da Unidade de Saúde Mental creada en 2022 e a posta en marcha de medidas integrais de prevención do suicidio na localidade.

Denunciou igualmente os tem-

pos de espera de arredor dun ano para psicoloxía e sete meses para psiquiatría nunha Unidade de Saúde Mental “que é a de referencia para máis de 50.000 persoas de toda a comarca”. Así mesmo criticou “os recortes de persoal aplicados polo goberno do PP na Xunta”.

## Alteración “arbitraria” na taxa do lixo

O BNG manifestou o seu desacordo coa modificación da taxa do lixo por parte do goberno municipal realizado no pleno municipal de marzo considerando que así “altera tarifas e tramos sen unha xustificación técnica suficiente e verificable”.

Dita alteración consiste na introdución dunha nova diferenciación tarifaria específica para hospitais, clínicas, xerátricos, residencias, sanatorios e demais centros sanitarios asistenciais. Xa en 2024, o BNG alegou contra esta alteración de suba lineal do lixo do 85%.

## XV Campionato Zonal de Bádminton Escolar

O pavillón Álvaro Pino acolleu a celebración do XV Campionato Zonal de Bádminton Escolar (Condado-Paradanta), que reuniu a máis de 120 mozos e mozas deportistas.

O evento foi organizado polo Club Bádminton Ponteareas, a asociación deportiva ADECONPAR, a Xunta e o Concello de Ponte-

reas. Participaron representantes de centros como o CPI de Mondariz, CEIP Ramiro Sabell, CPR Santiago Apóstol, CEIP As Veigas, CEIP Santiago de Oliveira, CEIP Marqués de Pazo de Mercé, CEIP Fermín Bouza Brey, CEIP Leirado, CEIP Antonio Blanco, CEIP Feliciano Barrera, CEIP Infante Felipe e CPR La Inmaculada, entre outros.

**LOVECARS®**  
www.lovecars.es



## CONDADO/PARADANTA

## PONTEAREAS

## Artistea recibe a creadores de Cabo Verde e Portugal

O Concello deu a benvida ás e aos novos residentes da residencia artística Artistea que participaron no programa de creación e formación escénica deseñado polo Centro Dramático Galego e que reuniu na vila a artistas procedentes de Cabo Verde, Portugal e Galicia do 10 ao 12 de marzo.

Son estes Rosy Timas e Jeff Hesney co apoio do Ministerio de Cultura de Cabo Verde; Neto Portela, creador brasileiro afincado en Portugal; e o galego Santiago



Cortegoso, da compañía Ibufeno Teatro. Os residentes aforaron en procesos de reinterpretación e actualización de obras clásicas, explorando novas linguaxes escénicas e formas de levar estes textos ao escenario desde unha mirada actual.

## Proposta de adjudicación do SAF

O Concello de Ponteareas vén de celebrar a segunda sesión da Mesa de Contratación no procedemento para a adjudicación do novo Servizo de Axuda no Fogar (SAF). Unha vez avaliadas as ofertas presentadas, a Mesa acordou formular proposta de adjudicación a favor da empresa Atendo, empresa que viña realizando este servizo de xeito extraordinario, por resultar a oferta mellor valo-

rada conforme aos criterios establecidos no prego.

O novo contrato suporá unha mellora histórica tanto en termos de cobertura como de calidade. Establécese unha parte fixa de 67.000 horas anuais, á que se suma unha bolsa de 13.400 horas variables ao ano. Isto permitirá atender á totalidade das persoas con dependencia de grao III e II.

En termos económicos, o con-

trato contará cun importe anual de 1.853.858,44 euros, cunha duración inicial de dous anos e a posibilidade dun ano de prórroga, acadando un importe total de 6.417.178,05 euros. O prezo por hora sitúase en 27,67 euros, superando os 27 euros, o que permitirá mellorar substancialmente as condicións do servizo. Trátase do prezo/hora máis alto da comarca e un dos máis elevados da provincia de Pontevedra.

## Experiencias para a dixitalización dos servizos públicos

O concelleiro de Novas Tecnoloxías, Cristian Montes, e o concelleiro de Comercio, Ricardo González, mantiveron diversas reunións e visitas de traballo nos concellos de Las Rozas e Madrid co obxectivo de coñecer de primeira man sistemas dixitais avanzados que melloran a prestación dos servizos públicos.

Entre elas destacaron a optimización dos procesos de trami-



tación administrativa, mediante a automatización de fluxos de traballo e a mellora dos sistemas de firma electrónica. Outro dos aspectos clave é a integración plena da pasarela de pago coa sede electrónica do concello e carpeta cidadá, que potenciaría e completaría a existente para facilitar á veciñanza realizar calquera trámite económico de forma completamente telemática.

## Desfibriladores DESA aos clubs de fútbol



O tenente de Alcaldesa Juan Carlos González Carrera, xunto co concelleiro de Deportes, fixeron entrega aos clubs de fútbol do municipio de dispositivos médicos portátiles DESA (Desfibrilador Externo Semiautomático), equipamentos deseñados para actuar de forma inmediata ante unha

parada cardíaca repentina e que poden resultar determinantes para salvar vidas.

Ademais, o Concello impulsa cursos de formación e reciclaxe no uso dos DESA coa colaboración dos bombeiros e TesGalicia, dirixidos tanto á comunidade educativa como á cidadanía en xeral.

## Volven os almozos saudables de Saborotea



O Concello abriu o prazo de inscrición para a nova edición de Saborotea, unha oferta de almozos que volve poñer en valor a calidade e creatividade da hostala-

ría local. O centrará nesta ocasión a súa oferta en exquisitos e saudables almozos, que se poderán degustar entre o 25 de abril e o 31 de maio.

## ConciliaTea no CEIP As Veigas

Co apoio de Cruz Vermella, un total de 30 nenas e nenos participaron nesta Semana Santa no campa-

mento de conciliación ConciliaTea no CEIP As Veigas organizado polo Concello.

**Mariquita mimosa**

Ropa infantil  
Bordados  
Confección a medida  
Servicio de tintorería

CICLISTA EMILIO RODRÍGUEZ, 6  
PONTEAREAS

mariquitamimosa@hotmail.com  
986 182 659 - 656 860 074

**TRIFOLIUM INGENIEROS**

Gestiones catastrales  
Mediciones  
Inventario de bienes  
Partición de herencias-Sucesiones  
Informes periciales  
Proyectos agrícolas y ganaderos

653 047 430 - 886 216 505  
C/ Alcalde Daniel Ojea, 10 Bj. Ponteareas

PASTELERÍA · CAFETERÍA

**Asucar**

Rúa Castela, 29 PONTEAREAS  
986 078 033

## PONTEAREAS

## Asfaltado na PO-253

**A**lcaldesa, Nava Castro, e o tenente de alcaldesa, Juan Carlos González Carrera, vén de supervisar as obras de asfaltado que está a executar a Xunta nos 13 quilómetros unta na estrada PO-253, que conecta o municipio na parroquia de Prado con Pazos de Borbén.

González Carrera destacou que as obras actuais supoñen un investimento total de 943.860€, correspondendo ao tramo de Ponteareas un investimento de 568.082€. Esta actuación dá con-



tinuidade ás melloras realizadas nun proxecto centrado na seguridade viaria entre Ponteareas e Pazos de Borbén.

## Autonomía dixital para maiores con Cruz Vermella

**O** Concello e Cruz Vermella comezaron nos CEIPs Santiago de Oliveira e Feliciano Barrera as actividades enmarcadas no "Convenio para a Autonomía dixital e social para as persoas maiores" como plan integral para reducir a brecha dixital e combater o illamento das persoas maiores.

Este programa conta con iniciativas como a teleasistencia no fogar a través de mecanismos de última xeración como os sen-



sos e tecnoloxía NB-IoT; obreiroiros telemáticos en banca online, uso de apps, manexo básico de móbil e outros dispositivos; e o espazo móbil interactivo ExperienciaLab.

## Recta final para a urbanización industrial de A Lomba

**O** Concello vén de adjudicar o contrato do servizo de redacción do proxecto de reparcelación e do proxecto de urbanización do sector de solo industrial IND-01 A Lomba, por un importe total de 99.581,79€ (IVE incluído), estratéxico para o futuro económico.

A concelleira de Urbanismo,

Silvia Fernández Táboas, indicou a necesidade de actualizar e modificar a disposición nº 2 do PXOM no ámbito SURBZ-IND-01 A Lomba. A nova ordenación incorpora importantes melloras, entre elas un aforro estimado de 2,4M€ nos custos de urbanización interior e conexións exteriores.

O plan aprobado reduce a rede

viaria nun 30%, mellorando a eficiencia do solo e diminuíndo os custos de execución. Ademais, incrementa as zonas verdes nun 20%, superando os 67.000 m<sup>2</sup>, o que permitirá crear un corredor ecolóxico cara á Freixa. Tamén se simplifica a xestión do ámbito ao reducir o número de propietarios de 144 a 85.

## Premio á Excelencia en Saúde Pública Local



**A** concelleira Raquel Plana recibiu en nome do Concello de Ponteareas o Premio Faro á Excelencia en Saúde Pública Local polo proxecto Health4Kids que, na súa primeira edición e organizado pola Xunta, foi realizado no marco da clausura da IV Xornada Galega de Saúde Pública.

O Concello foi premiado por liderar un proxecto europeo centrado na prevención da obesidade infantil, unha iniciativa que aposta pola educación, a promoción de hábitos saudables e a implicación da comunidade para mellorar a saúde da poboación máis nova.

## Director/a de Emprego

**O** Concello aprobou a modificación e aprobación en pleno municipal da Relación de Postos de Traballo (RPT), na que se incorpora o posto de director/a de Emprego. Con anterioridade, o BOPPO pu-

blicou a convocatoria para a creación de listas destinadas á contratación temporal e ao nomeamento como persoal funcionario interino na categoría de Director/a de Emprego (grupo A1)

## As parroquias estarán no concurso "Balcóns Floridos"

**A** concelleira de Medio Ambiente Silvia Fernández Táboas, informou da apertura do prazo ata o 15 de maio para participar no concurso "Balcóns Floridos", unha iniciativa de implicación da veciñanza no embelecemento da vila a través da decoración de balcóns, ventás e pequenos espazos ex-

teriores con flores e plantas. O premio gañador será de 200€ con vales en produtos de xardinería; un segundo premio de 150€ e un terceiro dunha cea para dúas persoas. Ademais haberá un premio "Parroquias" dotado de 200€. A Fundación Juana de Vega será o xurado deste certame.



## CONDADO/PARADANTA

## Envelhecimento activo con “Mareas do Coñecemento”

Coa colaboración da Consellería de Política Social e Xuventude, o Concello de Covelo aposta pola formación continua e o envelhecimento activo coa posta en marcha de novos seminarios dirixidos á veciñanza maior de 50 anos, no marco do convenio de colaboración coa UVigo baixo o título “Mareas de Coñecemento”.

No ámbito da saúde física e mental, desenvolverase o seminario “A soidade non desexada”, que terá lugar o vindeiro 13 de abril. O seminario será impartido



por Isabel Ferreiro González, docente da UVigo. Por outra banda, celebrarase o “Taller de fotografía participativa”, os días 20 e 22

de abril. Este taller será impartido por Xaime Fandiño Pena, tamén profesor desta entidade universitaria.

## Limpeza en estradas e cambio de contadores

A Deputación de Pontevedra supervisou os traballos de poda en altura e limpeza en 22 quilómetros de estradas provinciais ao seu paso por Covelo. As actuacións foron nas vías da EP-4305 Lougares-Piñeiro e a EP-5104 Maceira-Avión.

Por outra banda o Concello realizará na segunda quincena de abril os traballos de substitución de 70 contadores de auga domiciliarios e a colocación doutros tres no depósito de abastecemento en Pazos - Santa Mariña.

## Oferta de emprego en Covelo

Ao abeiro do Plan +Provincia da Deputación, o Concello abriu o prazo de contratación para 14 postos principalmente de tempo parcial e entre 3 e 8 meses para obras e

servizos municipais ao longo de 2026. Son 2 peóns de limpeza, 7 peóns forestais, 2 condutores de camiión (CAP), 1 peón de albanería, 1 peón de carpintería, 1 auxiliar administrativo/a.

## Recuperación do Regueiro de Ponte Piñeiro

A través dun investimento superior aos 190.000 €, o Concello de Covelo vén de asinar un convenio de colaboración coa Confederación Hidrográfica do Miño-Sil para a recuperación do entorno do Regueiro de Ponte Piñeiro en Covelo.

A actuación permitirá restaurar a pontella tradicional, mellorar os camiños de acceso, limpeza, acondicionamento e posta en valor deste espazo de gran interese natural e patrimonial.



## “YoConecto” co mundo dixital

A Sala Multiusos de Covelo acollerá do 28 de abril ao 11 de xuño os cursos presenciais gratuítos “YoConecto” para maiores de 60 anos, para aprender a usar a tecnoloxía dun

xeito sinxelo e práctico. Os cursos son: Comunica con confianza: WhatsApp e Telegram; Prevención dixital: redes, fraudes e seguridade; e Intelixencia artificial e ocio: apps para desfrutar.

## O IES Salvaterra, gañador da III Olimpíada Europea de Galicia

O equipo do IES Salvaterra de Miño proclamouse gañador da III Olimpíada Europea de Galicia,

organizada por Equipo Europa, e representará a Galicia na final nacional que terá lugar en Granada.

**CENTRO DE ESTUDIOS TIZAS**

VIRXE DOS REMEDIOS, 2, BAIXO  
PONTEAREAS - ISABEL 986 33 45 53

**INMOBILIARIA VAL MIÑOR**

Tlf. 986.369.976 - Móvil: 639.894.796  
inmovalminor@inmovalminor.com  
Avda. de Elduayen, 22 baixo. 26380 - Gondomar

Síguenos en [www.inmovalminor.com](https://www.inmovalminor.com)

**Tunel apas**  
Desde 1947

986 64 17 57 - Praza Maior 31, PONTEAREAS

**Erovás**  
COMPLEMENTOS MUJER Y HOMBRE

Avda. Constitución, 10  
36860 Ponteareas  
986 066 918  
maricarmenerovas@gmail.com

**Restaurante O'Rianxo**

35 años a su servicio

Terraza de verano interior  
Ctra. N-120  
Vilasobroso - Mondariz  
Telf.: 986 654 434  
Móvil: 631 997 556

**viveiros canedo**  
CENTRO DE XARDINERÍA

Rúa Real, s/n - N-120  
Km. 645.5  
Ponteareas - Pontevedra

Telf. 986 669 960  
info@viveiroscanedo.com  
www.viveiroscanedo.com

## “Arbo, Vila da Lamprea” presentouse en Barcelona

O alcalde Horacio Gil encabezou unha delegación oficial para promover a Festa de Interese Turístico Internacional en Barcelona.

A promoción desenvolveuse en dous escenarios estratéxicos da capital catalá, logrando un impacto directo tanto no sector turístico e empresarial como na comunidade galega no exterior. A xornada comezou cun acto de alto nivel no Eurostars Grand Marina Hotel, organizado pola Asociación de Empresarios de Cataluña.

Neste foro, que reuniu a personalidades da prensa especiali-



zada e a hostalería barcelonesa, o alcalde estivo acompañado por Xosé Manuel Merelles, Director Xeral de Turismo da Xunta de Galicia, e Cristina Lagé, Directora Xeneral de Turismo da Generalitat

de Catalunya. Durante este encontro, Horacio Gil destacou a capacidade de Arbo para transformar os seus acenos de identidade nun motor de desenvolvemento

## Un miliciano galego no exilio francés

Juan Galán, investigador coruñés e vogal da Asociación de Memoria Histórica Democrática de Ferrolterra, presentou no Centro Sportivo o seu libro “Rotsparier”, organizado polo Ateneo Amado Garra e a Asociación Solidaria Chambo Libris.

Un miliciano galego no exilio francés. 1939-1945” (Galaxia, 2025), que narra a peripecia de Joaquín Fernández Millán, mariñeiro de profesión da Pobra do



Caramiñal, emigrado ao País Vasco na década de 1920 e que loitou como miliciano no Exército de Euskadi. Trala ocupación alemana

de Francia, Fernández Millán foi obrigado a traballar na Organización Todt para a construción do Muro Atlántico.

### XANTAR DA LAMPREA

#### 25 DE ABRIL

#### RESTAURANTE OS PIRUS

#### MENÚ

- Empanada de lamprea do Miño.
- Lamprea seca con fideos e tirabeques.
- Lamprea do Miño estilo Arbo con arroz e picatostes.
- Cabrito de San Fins e espaldilla de tenreira galega ao forno con guarnición.
- Sobremesa: Leite Frito.
- Augas, refrescos, Viños condado e albariños D.O. Rías Baixas. Café, licores galegos.

**Prezo por comensal: 85 € euros**

Pagamento mediante ingreso no número de conta  
**ABANCA 2080-5011-88-3040013796**  
(Especificar nome e apelidos de cada comensal)

## I Certame de Poesía “Letras d’auga”

O Concello de Mondariz Balneario, en colaboración coa Asociación Cultural A Martinga Mondariz, convocou á participación para o I

Certame de Poesía “Letras d’auga”. Os premios entregaranse durante o acto institucional polo Día das Letras Galegas do 17 de maio.

## acero+

imprenta · publicidade · web

A túa imprenta textil

604 08 43 68

PONTEAREAS

www.aceroplusdigital.com

## AREAL MADEIRAS

986 64 25 95 - 626 686 277

arealmadeiras@gmail.com

arealmadeiras.com

SOLUCIÓNS EN MADEIRAS E DERIVADOS

# TALIER

## SALÓN

Alfonso Vázquez Fraille, 5 bj. PONTEAREAS

CITA PREVIA ☎ 986 641 579

peluqueriataliermt@gmail.com

## Papelón con LIMÓN

BRUNCH & BAR

BRUNCH

TOSTAS

TAPAS

AREPAS

BURGERS

Rúa Reveriano Soutullo, 7  
36860 Ponteareas, Pontevedra

www.papelonconlimon.es

623 530 294

Marco Avendaño  
Quiromasajista

## MASAJISTA DEPORTIVO

C/ Vidales Tomé, 15 - 2º A - PONTEAREAS

CITA PREVIA NO 644 930 005

## CENTRAL AGRICOLA

PONTEAREAS, S.L.

Agro - Jardín - Ferrería

comercialareas@hotmail.com

986 66 11 91 - 629 52 24 18

Areas Picoto 36861 - Ponteareas

## CONDADO/PARADANTA

## Homenaxe á arquitecta pioneira Rita Fernández Queimadelos

O Salón de Plenos da Cañiza acolleu un acto dedicado á figura de Rita Fernández Queimadelos, arquitecta e considerada unha das grandes pioneiras da arquitectura en España a partir de 1940, así como a primeira muller en asinar proxectos arquitectónicos no país.

A actividade realizouse dentro do programa "Aquí Faltan Páxinas. Mulleres extraordinarias", impulsado pola Deputación de Ponte-



vedra en colaboración co Concello, co obxectivo de visibilizar o legado de mulleres fundamentais na his-

toria e na construción da memoria colectiva. En 2025, o Concello acordou adicarlle unha praza.

## Demandan cobertura médica para Mondariz

Alternativa por Mondariz (AporM) presentou un escrito formal ante a Xerencia da Área Sanitaria de Vigo e o Sergas para a cobertura urgente da praza vacante de Medicina de Familia no centro de saúde desa localidade.

A Consellería de Sanidade ofreceu como medida transitoria a posibilidade de que os pacientes soliciten un cambio de

cupo para ser atendidos por outro médico do centro que conte con asignación estable, unha decisión "totalmente inadmisíbel" para o grupo municipal de AporM porque "non resolve o problema de fondo", provoca unha sobrecarga no resto de profesionais médicos e supón na práctica "a eliminación encuberta dunha praza de Medicina de Familia".

## A Caniza e Mondariz Balneario xa son nomes oficiais

O Consello da Xunta da Real Academia Galega aprobou oficialmente a proposta de revisión, corrección e actualización do Nomenclátor de Galicia (NG) de 2003 que xa presentara en xullo pasado á Comisión de Toponimia da Xunta.

O documento incorpora 1.665 nomes, ata chegar aos 42.909 topónimos que designan os 313 concellos de Galicia. No caso do Condado Paradanta destacan a oficialidade dos nomes para Concellos como A Caniza, sen ñ, e Mondariz Balneario sen guiño.

## Éxito estudantil coa iniciativa "MemoryPlay"

Catro alumnos/as de 2º do Ciclo Medio de Xestión Administrativa do Centro EFA A Cancela das Neves acadaron o 2º premio na categoría FP Medio na Gran Final da VI Edición dos Premios e-FP, celebrada en Madrid, co seu proxecto "MemoryPlay", unha iniciativa innovadora centrada en mellorar a calidade de vida das persoas que padecen Alzheimer e outras demencias.



## Capacitación no colexio Pazo da Mercé

O director xeral de Centros e Recursos Humanos, Jesús Álvarez, explicou na Comisión 4ª do Parlamento de Galicia que o Colexio Marquesa do Pazo da Mercé das Neves conta cos recursos necesarios para ga-

rantir a atención educativa ao alumnado con necesidades especiais.

O centro conta con arredor de 150 estudantes repartidos en 10 aulas, todas elas por debaixo de ratio, con capacidade para acoller

65 alumnos máis; conta con especialistas en Pedagogía Terapéutica e en Audición e Linguaxe así como un sistema pioneiro de ponderación do alumnado con necesidades especiais.

## A Granxa gaña concurso do Mes de Amandi

Lago Groba e Maximino Castelo, alumnos do primeiro curso de grao superior de vitivinicultura do CIFP A Granxa en Ponteareas, gañaron o quinto concurso de cata por parellas, organizado pola Fundación Belar-



mino Fernández Iglesias e o Concello de Sober dentro da programación do Mes do Amandi.

Os gañadores recibiron os trofeos o día grande da Feira do Viño de Amandi.

## A Cañiza, capital española do Team Cross



O Skate Park da Cañiza acolleu os días 28 e 29 de marzo a 1ª edición do Campionato de España de Team Cross así como a Copa de España e a Liga Nacional de Skate Cross. O evento reuniu a

deportistas que competiron nas categorías de Sub-13, Sub-16, Sub-19 e sénior, tanto masculina como feminina, nun formato dinámico que combinou fases contrarreloxo e eliminatorias ata as finais.

**NovaCociña**

Paseo Matulino, 12  
36860 - Ponteareas  
Telf: 986 660 287 / 647 607 674

**JJ Copos**

Cafetería  
Terraza - Xardín  
Discoteca  
Concertos

Avda. Galicia  
Ponteareas

**casa ferreira**

Venta: Jamones, Quesos y Vinos - Productos Típicos  
JAMON DE TERUEL BAJO EN SAL

C/. Fdez. de la Vega, 6  
36860 PONTEAREAS Teléf. 986 641 554  
charcasferreira@hotmail.es

## A CAÑIZA

## Impulso estratéxico para o Parque Empresarial de O Vieiro

O delegado do Estado na Zona Franca de Vigo, David Regades, a conselleira de Economía e Industria, María Jesús Lorenzana, e o alcalde da Cañiza, Luís Piña, asinaron o protocolo de colaboración que impulsa a posta en marcha e o desenvolvemento do Parque Empresarial de O Vieiro cunha superficie de 846.531,08 m<sup>2</sup> de solo industrial tras unha modificación normativa na Lei do Solo de Galicia por parte da Xunta.

O Parque implica un novo modelo de desenvolvemento mediante un Plan Estructurante de Ordenación do Solo Empresarial (PEOSE),



solicitando previamente a declaración de interese autonómico da actuación. De acordó ao Alcalde Luís Piña, “esta adaptación urbanística da a cobertura necesaria ao proxecto deste parque estraté-

xico para o Sur de Galicia e para toda a Eurorrexión pola súa conectividade coa área de Vigo, co porto, co interior (O Ribeiro) e o norte de Portugal, ao pé da Autovía A52 en conexión coa meseta”.

## Plan Saúde da Auga



O Salón Plenario da Cañiza acolleu unha xornada informativa cos representantes das comunidades usuarias das augas. O encontro contou coa participación da empresa local Rodespi, que impartiu esta sesión promovida pola Deputación de Pontevedra para

abordar cuestións clave como o Plan de Saúde da Auga (PSA), o control da calidade da auga, os procedementos adecuados para as mostras de auga, o mantemento de instalacións, as obrigas legais das comunidades e as liñas de subvención +NOVAQUA e +AQUA 2026.

## O balonmán cañicense competirá no Pavillón Municipal

Alcalde Luís Piña e o Presidente do Club Balonmán Cañiza, Marcos Estévez, formalizaron o 20 de marzo a sinatura do quinto convenio oficial de colaboración, que contempla unha achega mensual de 1.666,67 €, 20.000 € anuais, así como o dereito de uso e explotación do pavillón municipal “Carballo do Marco”, sede do club, e o acceso a diferentes vías de financiamento. Este acordo foi

aprobado polo Pleno o 30 de xaneiro.

Na actualidade, o club conta con dous equipos en categorías destacadas da RFEBM: o “Balonmán Saeplast Cañiza”, na Primeira Nacional masculina, e o “Oliveira & Faro Saeplast Cañiza”, na División de Honra Prata feminina. O Concello leva investidos máis de 359.000 € nos últimos anos na modernización do pavillón.

## Aprobados convenios en seguridade e turismo

O Pleno da Cañiza aprobou os convenios para desenvolver o Programa de igualdade e prevención de violencia de xénero “Clara 2026” que se desenvolverá en conxunto co Concello de Covelo; a prórroga ata 2030

da iniciativa do sendeiro turístico “Entre Abadías” que se leva a cabo co Concello de Melón para valorizar unha ruta de 800 anos de historia; e os procesos de selección da Policía Local que quedan asumidos pola Xunta.

## Na Cañiza actúan contra a vespa velutina

Alcalde Luís Piña reuniuse cunha vintena de apicultores no colmenar da parroquia de Orosos para entregar o material necesario para as trampas contra a vespa velutina. A través dun investimento de 709,42 €, distribuíronse 82 botes de líquido atraente, doce máis que na edición anterior, que servirán para intensificar as tare-



fas de captura das raíñas antes de que formen novos niños.

Os botes entregados permitirán colocar ata 656 trampas na contorna do municipio. Nesta iniciativa participan máis de 40 apicultores do municipio, que reúnen un censo superior ás 3.000 colmeas e que están inscritos no rexistro apícola da Consellería de Medio Ambiente.

## “Aprender do Bosque”

Alcalde da Cañiza, Luís Piña visitou o CEIP de Valeixe para participar nunha xornada enmarcada no programa “Aprender do Bosque”, unha iniciativa de educación ambiental promovida pola Fundación María José Jove que busca achegar ao alumnado ao coñecemento e coitado dos ecosistemas forestais.

A xornada incluíu a plantación de árbores autóctonas nun terreo



cedido pola Comunidade de Montes de Valeixe. Tras a plantación, o alumnado de 5º e 6º de Educación

Primaria realizou unha posta en escena relacionada con esta actividade.

**Ferretería**  
**Julio Pérez Giraldez**  
Tel/Fax: 986 651 052  
Móvil: 606 361 558  
C/ Progreso, 81  
36880 A CAÑIZA  
julloperezgiraldez@hotmail.com

**COMERCIAL AGRICOLA ANTONIO S.L.U.**  
**REPARTO A DOMICILIO POR ENCARGO**  
POLLOS POR ENCARGO  
DROGUERÍA  
FERRETERÍA  
JARDINERÍA  
BEBIDAS  
SULFATOS  
INSECTICIDAS  
BUTANO  
VENTA DE PLANTAS  
DISTRIBUIDOR OFICIAL  
**Alona**  
de Brest  
C/ MEROUCES Nº8 - MONDARIZ - T.: 986 656 218 | 649 449 459

**Carlos PELUQUERO**  
Plaza de España, 2 - Mondariz  
Telf. 619 061 357

## OPINIÓN

Por Óscar Lomba Álvarez. Membro de ProLingua

## Normalización da lingua galega: un obxectivo realista

A normalización da lingua galega constitúe un dos grandes retos socioculturais da Galiza contemporánea. Lonxe de ser unha aspiración utópica ou simplemente simbólica, trátase dun obxectivo realista, sempre que exista vontade política, compromiso social e unha planificación estratéxica coherente e sostida no tempo.

O galego conta cunha base sólida que permite pensar na súa plena normalización. É unha lingua con recoñecemento oficial, cunha tradición literaria consolidada e cun número significativo de falantes, especialmente en determinados ámbitos territoriais e xeracionais. Ademais, dispón dun marco legal que, cando se aplica de maneira efectiva, pode favorecer o seu uso en espazos fundamentais como a educación, as administracións públicas e os medios de comunicación. Neste sentido, resulta esencial recuperar e reforzar o consenso social e político que fixo posíbel a Lei de Normali-

zación Lingüística, entendida como un punto de encontro amplo ao redor da defensa e promoción do galego, e como unha ferramenta básica para garantir a súa presenza efectiva na vida pública.

Porén, a realidade sociolingüística actual amosa tamén importantes desafíos. A diminución do uso do galego nas contornas urbanas, a súa perda de transmisión interxeracional en certos sectores da sociedade e a persistencia de prexuízos lingüísticos constitúen obstáculos que non poden ser ignorados. A percepción do galego como unha lingua de menor utilidade en determinados ámbitos profesionais ou tecnolóxicos segue a condicionar as eleccións lingüísticas dunha parte da poboación, especialmente entre a mocidade.

A consideración da normalización como un obxectivo realista require, en primeiro lugar, asumir que o proceso non é automático nin inmediato. Precisa dunha in-

tervenção planificada que combine medidas institucionais con dinámicas sociais favorábeis. Neste sentido, o papel das políticas públicas resulta fundamental.

O sistema educativo constitúe unha peza importante neste proceso. A utilización do galego como lingua vehicular, xunto cunha didáctica que favoreza o seu uso real e non só o seu coñecemento teórico, resulta esencial para consolidar novas xeracións de falantes competentes e seguros. Do mesmo xeito, é necesario reforzar a presenza do galego na educación superior e na investigación, eidos nos que aínda presenta limitacións significativas.

No ámbito socioeconómico, a normalización pasa tamén por integrar o galego nas dinámicas do mercado. A súa presenza no comercio, na empresa e nos servizos contribúe a reforzar a súa utilidade práctica e o seu prestixio social. A lingua debe ser percibida non como unha limitación, senón como un valor engadido que achega identidade e proximidade.

Os medios de comunicación e as novas tecnoloxías desempeñan un papel determinante. A creación de contidos atractivos en galego, especialmente nos espazos dixitais

frecuentados pola mocidade, pode contribuír de maneira decisiva á súa revitalización.

Non menos importante é o factor simbólico. A normalización require un cambio de actitudes que escache cos prexuízos históricos asociados ao galego. Isto implica reforzar o seu prestixio social, visibilizar o seu uso en contextos de éxito e promover unha percepción positiva e moderna da lingua.

En última instancia, a normalización do galego dependerá da capacidade da sociedade galega para asumir este proceso como un proxecto común. As institucións poden crear as condicións, porén son as persoas quen, coas súas eleccións cotiás, determinan o futuro real dunha lingua.

Así pois, a normalización da lingua galega é un obxectivo realista, mais non garantido. Requírese unha combinación de políticas eficaces, compromiso social e vontade colectiva. Se estas condicións se cumpren, o galego poderá consolidarse non só como lingua propia de Galiza, senón como lingua de uso pleno, vivo e normal en todos os eidos da sociedade.



Por Nicolás Xamardo Profesor Honorífico da UPV/EHU

## O Guernica, a Gernika

Hai uns días, o lehendakari solicitou o traslado do Guernica a Euskadi para exhibilo no museo Guggenheim. O Goberno Español oponse, alegando motivos de conservación. Estamos ante un tema recorrente: as sucesivas reclamacións do PNV ao Goberno español para que permita traer temporalmente o cadro a Euskadi (1981, 1998, 2006, 2010, 2017 e 2026) e as correspondentes negativas do Reino de España. O cadro, que estaba en Nova York, foi traído a España durante o goberno de Calvo-Sotelo.

Os medios de comunicación españois e a maioría dos vascos, céntranse en razóns relativas á conservación do cadro para xustificar o rexeitamento ao traslado. Con todo, mención especial merecen "As seis razóns da Razón". A este medio só lle faltaba dicir que o bombardeo de Gernika é un invento dos vascos.



Esa é, a grandes liñas, a versión dos feitos á que tivo acceso a opinión pública. Con todo, o pobo vasco debe coñecer a verdade -toda- do acontecido co cadro de Picasso e terminar, dunha vez por todas, con estes falsos relatos: O pintor Uzelay, como conselleiro e director de Belas Artes, opina para o Goberno Vasco que o Gernika é unha mamarrachada, unha tomadura de pelo. Contábame Uzelay nunha visita que me fixo o ano 52 en Madrid, ...que naquel

1937, en París, atopouse camiñando xunto a Picasso nunha manifestación en favor da República española e preguntoulle se o debuxo das mans que aparecen no Gernika non fixera os dedos como pitilines, e que lle contestou certamente que sí. Pero era que Picasso non perdía o tempo discutindo con imbéciles. Picasso deuse conta da gravidade de que esta persoa estivese de conselleiro no Goberno vasco e mandou recado

ao presidente Aguirre para que lle pedise por escrito o cadro, porque consideraba que pertencía aos vascos. Esa petición non lle chegou a Picasso... 1962, no 25 aniversario, Joseba Rezola, secretario que foi de Defensa e axudante de Aguirre, chámamos a Basterretxea e a min a San Xoán de Luz. Editaban ás veces unha pequena revista "Gernika", e preparaban un número especial para o 25 aniversario. Querían un debuxo, algo expresivo, sim-

bólico. Eu díxenlle que o tiñan no Gernika: a flor xunto á espada rota, símbolo de morte e esperanza. Contestounos que o Gernika non interesaba. Seguía sen interesarse o Gernika. Díxenlle que politicamente obrara ben ao consultarnos, pero moi mal ao non querer facernos caso. E fómomos. (Jorge Oteiza: *Non aguanto oír falar aquí do Guernica de Picasso. El Correo Español, 1988*).

Visto o visto, o primeiro que debe facer o PNV é recoñecer os feitos e pedir perdón ao pobo vasco. E non seguir mendigando ao Goberno Español que lle deixe temporalmente o cadro. Sabida a verdade do acontecido, creo que o Pobo Vasco debe pedir ao Estado Español que nos devolva o que é noso. E que o Guernica de Picasso debe quedarse en Gernika, a vila foral, emblema da Liberdade de Euskal Herria, da Democracia e da Paz.



PINTURAS

**BARCO LEÓN**

PINTURA PLÁSTICA - BARNICES  
ESMALTES - PAPELES

PINTAMOS SU CASA. PÍDANOS PRESUPUESTO

Paseo Matutino, 2. 986 660 379 - 686 571 679. Ponteareas  
Villanueva, 18. 986 651 145 - 609 366 364. A Cañiza

LIMPIEZAS  
**PONTEAREAS**

Comunidades, colegios, oficinas, moquetas,  
abrillantado de suelos, primeras obras, fachadas

986 661 052 limpiezasponteareas@gmail.com  
Rúa As Lavandeiras, 3 bajo Ponteareas

Por Baldomero Iglesias Dobarrio. Mero.

## Mirarnos no espello

Para coñecer un pobo, calquera pobo do mundo e tamén o noso, cómpre achegarse á súa xeografía e paisaxe, a esa xeografía física e humana que están implícitas nos modos e adaptacións das súas xentes. Establecerse nesa distancia curta necesaria para respirar o alento dese pobo. Cómpre coñecer a súa lingua, sentir o acento e os quebrantos que manexan tamén os latexos do corazón, os pulsos nos que se motivan e viven. Non chega con asomarse a uns cantos lugares para visitantes e ver onde repousan os seus créditos. Non chega con mirar ao lonxe e ver os perfís do horizonte. Non, para coñecer un pobo, en verdade, hai que achegarse á xente, meterse nos recónditos lugares menos transitados, polos camiños de vagar, buscando sombras e saloucos, cores e recondos, tentos da súa identidade veraz que se pousan, sen querer, descoidados entre as foulas. Si, a literatura, os contos, as



lendas, a música, a pintura e todas as artes. Hai que achegarse aos seus modos de vida os esforzos que fan para erguer nos novos días, os seus comportamentos e as asistencias que fagan aos máis vulnerables, á xente maior, ás miudanzas.

Si, saber os acentos maduros da súa fala, as debilidades e traumas, as súas melancolías, os seus divertimentos, as súas potencialidades, aqueles territorios das soidades, das cobizas e dos desexos. A súa historia e as historias diarias. Aquelas atmosferas miserables e inmundas, mesmo destrutivas que suceden. Cómpre coñecer, en carne viva, as súas dores, as nosas dores, as precariedades e encantos irresistibles das tenruras, as condicións menos favorables da memoria, as xenialidades dos argumentos que evocan aínda arte e beleza. E todo hai que dicir, o Patrimonio Cultural, que no noso caso está sometido a símbolos superficiais e case pintorescos, a unha folclorización hiperbólica onde priva o grande espectáculo de luces, fumes e lilainas ou bagatelas que en realidade están moi limitadas en expresión, moi mansas e que non ousen mancar aos que mandan. Si, os grandes eventos veñen precedidos de procedencia allea, traen a nebulosa do éxito en formas lonxincuas. Gastamos en grandes eventos de fóra moi-

tísimo máis que en dar pulo ao propio. Eses somos nós, ese é o noso pobo. Os responsables esconden nese lugar de equilibrio indeciso e neutro onde evadir responsabilidades. É ese lugar de parcialidade difusa onde non estás nin coa vítima nin co verdugo, sen comprometerte, sen deixarte ver. Ese lugar en que aproveitas a Xan e disfrutas de Pericán. Si, ese lugar de gloria que traizoa os máis básicos fundamentos e no que aplaudes o que boten cun sorrir compracido. De tal xeito que a literatura, o teatro, os contos, a novela, os ditos, o ensaio, a canción, o cine, a pintura, os xogos, a poesía, o humor, etc. quedan á marxe e son temas fundamentais para entendernos e que nos entendan. Deberamos mirarnos en nós para coñecernos e activar ese sentido crítico e sabedor que corrixe os erros. Poderemos vernos e, entón quizais, empezar a amarnos.



Por Isidoro Gracia

## Luis Candelas, de oficio bandoleiro. Paralelismos e coincidencias hoxe

O que está a ocorrer na contorna de VOX, o diferenciado trato xudicial a comisionistas e a cargos públicos varios, segundo cor, trouxo á miña memoria un artigo escrito ao rebufa da Amnistía Fiscal do entón ministro Montoro.

Unha fría mañá de novembro de 1837, executouse ao delincente máis buscado do século XIX, por 40 roubos. Case 200 anos despois, delincentes con maior número de delitos están libres. O bandoleiro Luis Candelas non foi un delincente común, el preparaba os seus asaltos meticulosamente. Os actuais tampouco son comúns, tamén preparan moi meticulosamente os seus actos, e as repostas ás posibles consecuencias.

No cadalso confesouse pecador e patriota. Dos actuais algúns piden desculpas, outros no, todos escúdanse en



bandeiras, patriotismos e crenzas relixiosas, intentando evitar o castigo. O bandido do XIX foi exemplo de educación, mediante un sistema autodidacta, que lle permitiu gañar un posto como funcionario do Estado, os actuais adoitan pasar pola Universidade, ou por colexios de elite, e tamén, moitos deles e elas, foron (ou aínda son) altos

funcionarios.

Coa colaboración de amigos, algún político importante, liberal por máis datos, ao quemaxudara a escapar do cárcere, subornos e outras artes, logrou escapar do cárcere en seis ou sete ocasións. Nos últimos tempos a repartición de comisións varias, os favores mutuos de amigos: políticos, bancarios, empresarios e mesmo Xueces, os modernos bandidos evitan o grollo de entrar no cárcere, outros, obteñen permisos e graos suavizados de prisión.

Aquel Luís cando, polos seus últimos erros, caeu definitivamente en desgraza e viu que esta vez os subornos non poderían librarlle do seu destino, recorreu a rogar o indulto á Raíña rexente María Cristina de Borbón. Igualito que hoxe en día, que os que, rexeitado o último recurso, atópanse cunha condena en firme. Iso si, ao condenado do século XIX non lle funcionou, e a moitos dos actuais cae o indulto como agasallo do goberno, ou a atenuación da pena por un tribunal, de súa cor, en especial se o tramita o despacho de avogados adecuado

Mais coincidencias, Candelas caeu definitivamente en desgraza, porqué a o asaltar á dilixencia do embaixador de Francia en Torrelodones subtraelle non só diñeiro e xoias, senón tamén uns documentos confidenciais e comprometedores. Isto dos documentos e o roubo aos membros da propia organización soa moi próximo a titulares de prensa e comparencias televisivas actuais.

E por marcar algunha diferenza, bandoleiros como Luis Candelas, gozaron da simpatía do pobo, porqué compartían parte do que conseguían cos seus tropelías e demostraron o seu patriotismo loitando, temporalmente, pola liberdade e dereitos dos seus cidadáns e os Luíses actuais, non só non reparten, senón que alén de quedarse todo, a patria deféndena, so como terreo de caza propio e exclusivo de depredación, claro que o certo é que a pesar diso gañan eleccións nas que votan as vítimas do seu abusos e negligencias.



Rúa dos Nardos, 14 - baixo A  
36860 PONTEAREAS  
info@cvpontareas.es

886 21 61 51  
URX. 603 61 02 23

CONFITERIA

# Regino

Especialidade en  
rosquillas e melindres

Nova gama de produtos selectos:  
Rocas de chocolate, Tarta de té,  
Sublime de cacao, Tarta de frambuesa

Tartas personalizables coa túa foto ou debuxos infantís  
a partir de 2 kgs.



Rúa Reveriano Soutullo, Pontareas 986 640 834

## LOURIÑA

### Sexto aparcadoiro público no centro urbano

O Concello do Porriño abriu un novo aparcadoiro público gratuito no centro da vila, que se converte xa no sexto espazo destas características habilitado nos últimos anos sumándose aos cinco xa existente nas rúas Progreso, Travesía, Avelino Villasuso, Pontevedra e Antonio Palacios

A nova parcela de 3.048,69 m2 nas inmediacións das pistas de tenis, con acceso dende a rúa Fernández Areal, responde a unha demanda da veciñanza pola súa



alta afluencia ante a presenza do Centro de Saúde, o polideportivo municipal, os xulgados e á Tesourería Xeral da Seguridade Social.

### “Terra de Canteiras”

O IES Ribeira do Louro, en colaboración con empresas líderes do sector e o Concello do Porriño, presentou CONSTIC, unha estratexia integral deseñada para mellorar as competencias e o acceso das mulleres aos sectores da construción e as TIC que conta co financiamento de fondos europeos Next Generation.

Como punta de lanza desta iniciativa presentouse o vídeo “Terra de Canteiras”, unha peza audiovisual que realiza un percorrido emocional e técnico pola vida dunha pedra: desde a súa extracción na canteira ata a súa colocación final en obra.



rido emocional e técnico pola vida dunha pedra: desde a súa extracción na canteira ata a súa colocación final en obra.

### Restauración do hábitat nas Gándaras de Budiño

Oito exemplares de sapo-concho común están de volta na súa casa nas Gándaras de Budiño. A titular de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez, e o alcalde do Porriño, Alejandro Lorenzo, participaron, xunto a escolares de Atios, na solta destes exemplares en perigo de extinción.

Para este fin, a Xunta levou a cabo as melloras da dinámica hidrolóxica da lagoa, favorecendo



a permanencia da auga neste espazo natural onde tamén habitan especies de aves como a cerceta real (Anas crecca)

### O Porriño modernizará o seu Auditorio Municipal

O Alcalde Alejandro Lorenzo, en compañía de representantes do tecido asociativo, visitaron as obras que se están levando a cabo para a modernización do Auditorio Municipal. O proxecto contempla unha capacidade aproximada de 340 butacas, así como escenario, camerinos e instalacións técnicas axeitadas para acoller múltiples actividades culturais ao longo do ano.



A actuación supón un investimento de preto de 2,8M€, cun prazo de execución estimado de vinte meses.

### Obradoiros de Semana Santa

O Concello do Porriño prepara unha Semana Santa de conciliación familiar e de actividades para cativada a través de diferentes propostas como o campamento

no colexio José Fernández López e un novo obradoiro de programación e tecnoloxía que se impartirá na aula CeMIT do Multiusos de Torneiros.

### BNG: abandono da Praza 25N

Os nacionalistas do Porriño advirten do abandono e a falta de mantemento e de vixilancia na Praza do 25 de Novembro, un lugar de encontro para as familias do casco urbano. Denuncian a escasa iluminación e a súa utili-

zación constante para o botellón, o cal está a provocar molestias para a veciñanza. Indican tamén que na retirada da iluminación de Nadal quedou sen recoller parte das conexións eléctricas empregadas na súa instalación.

### Senda peonil en Porselo

O Concello de Mos avanza nas obras da nova senda peonil en Dornelas, cun orzamento superior aos 700.000€ financiada a través da liña 1 do Plan “Máis Provincia” da Deputación que permitirá completar o itinerario circular entre o IES de Mos e ASO.DI.FI.SI., atravesando as parroquias de Petelos, Dornelas e Torroso. O proxecto contempla a execución de 1.800 metros no-



vos que se suman aos 1.370 xa existentes, acadando un percorrido total de 3.170 metros.

**Bodas - Comunións**  
e todo tipo de celebracións

Teléfono 986333404  
info@restaurantemanolo.es  
Antonio Palacios 101  
A52 - Salida 305 - PORRIÑO

**Manolo**  
RESTAURANTE

## Mos e Redondela delimitan o deslinde do Miliario de Santiaguño de Antas

A Comisión de Deslinde entre os concellos de Mos e Redondela reuniuse para abordar a delimitación territorial na contorna do Miliario de Santiaguño de Antas, actualmente considerado un ben patrimonial mosense.

Trala exposición das posturas de ámbalas partes acordouse que, nun prazo de tres meses, se encargará unha delimitación topográfica da zona que sirva como base técnica para continuar traballando no proceso de deslinde na contorna do Miliario. A partir



dese documento, representantes de ambos concellos e as comunidades de montes correspondentes

realizarán unha comprobación in situ para analizar os datos e continuar co proceso de negociación.

## Saneamento de Cela e Louredo

A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez, mantivo un encontro coa alcaldesa de Mos, Nidia Arévalo, para abordar os proxectos de ampliación e mellora da rede de saneamento de augas residuais municipal.

Entre eles, acordaron traballar xuntos para realizar melloras na parroquia de Cela, na contorna



do Camiño da Mina-Herville, cun investimento de arredor de 120.000€ para dar servizo a unha poboación estimada de 72 habitantes. Está igualmente em marcha a futura rede de saneamento do camiño da Torroeira, na parroquia de Louredo, unha actuación á que ambas administracións destinarán algo máis de 125.000€ para beneficiar a 48 habitantes.

## Comisión de Seguimento para a N-550

Tras detectar numerosas deficiencias nas infraestruturas viarias, o pleno do Concello de Mos aprobou por unanimidade a creación dunha comisión de seguimento para re-

clamar ao Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible actuacións nas estradas estatais ao seu paso polo municipio, especialmente na N-550.

A comisión de seguimento es-

tará integrada polas asociacións veciñais Santa Baia, Chan do Bosque, Leticia de Sanguñeda e A Cividade, así como polos tres grupos políticos da corporación municipal, o PP, PSdeG-PSOE e BNG.

## Protocolo contra o acoso

O Concello de Mos e a representación sindical municipal acadaron por consenso un acordo para elevar ao pleno a aprobación do Protocolo para a prevención e actuación fronte ao acoso, un documento destinado a reforzar a

protección das persoas traballadoras e garantir un entorno laboral seguro, respectuoso e libre de discriminación. O documento será agora elevado ao pleno municipal para a súa aprobación definitiva.

## Mos, capital da panadería atlántica

O Pazo de Mos converterase o 6 de xuño de 2026 no epicentro da panadería artesanal coa celebración da fase atlántica do Premio Estrelas da Panadería Española, o concurso con maior participación de profesionais do Estado.

O certame celebrarase tamén

en Bilbao, Barcelona, Málaga, Madrid, Valencia ou Tenerife, situando así a Mos dentro dun círculo estatal de referencia. Os mellores clasificados en cada unha destas sedes accederán á final nacional prevista para setembro en Bilbao, dentro do Global Bakery Forum.

## Innovación con Little Electric Energy

Galp e a empresa mosense Little Electric Energy inauguraron unha nova instalación de carga para vehículos eléctricos no Porto de Vigo, no marco do proxecto Plug & Play.

Esta iniciativa é concibida como unha electrolinera transportable de recarga ultrarrápida vinculada a un sistema de baterías conectadas á rede eléctrica en base ao sistema Green Charge Flex (GCF), deseñado por Little Electric Energy. Para a alcaldesa



Nidia Arévalo supón "un orgullo que unha empresa asentada en Mos lidere unha innovación con proxección internacional"



Tlf.: 986 65 80 18  
Fax: 986 65 82 69  
Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros  
Salvaterra de Miño

## Aridos do Mendo, s.l.



*Aridos e Formigóns*

## Salceda volve a un goberno bipartito “máis maduro e progresista”

**A**lcaldesa de Salceda de Caselas, Loli Castiñeira (Movemento Salceda, MS) e o concelleiro Xurxo Gregorio (PSdeG-PSOE de Salceda) acordaron reeditar a partir do 31 de marzo o bipar-

tito no goberno municipal que con anterioridade funcionou no Concello durante o período 2019-2023. Nestas entrevistas amosan as súas impresións ante este novo pacto político.

### Loli Castiñeira

Alcaldesa e líder de Movemento Salceda (MS)

## “Este é un acordo maduro que xurde da confianza”

**Qué cambios observa neste novo bipartito co PSOE co respecto ao anteriormente existente durante o período 2019-2023?**

O acordo anterior foi no último minuto antes do Pleno de investidura, in extremis, e tiña como principal condicionante o reparto de anos na Alcaldía. A veciñanza, influída ó mellor por outras forzas políticas, puido entender que nos importaba máis o reparto de poder que o interese xeral, e provocou

unha importante perda de apoios ao PSOE.

Agora é un acordo maduro que xurde da confianza, e que pon a Salceda como prioridade absoluta da acción de goberno con un reparto natural de responsabilidades, e sen que o poder local sexa un pastel a repartir. Está baseado na confianza e é posible polas dimisións presentadas polo núcleo de persoas do PSOE que miraban en nós un rival político e non un aliado para traer a Salceda máis

e mellor calidade de vida.

**Esta reedición do bipartito acórdase na segunda metade do seu mandato no goberno local. Qué incidencia pode ter con vistas ás municipais 2027?**

Eu espero unha incidencia positiva para o proxecto de esquerda, incluído o BNG con quen a pesares de non entrar no goberno, hai una relación máis fluída.

O PP é un partido forte en Salceda pero a xente sabe que as políticas positivas estanse facendo



**“A xente sabe que as políticas positivas estanse facendo dende a esquerda”**

dende a esquerda. Eu espero que a cidadanía entenda estes acordos e todo o que estamos facendo, esta segunda transformación que é histórica, e volte a confiar nos nosos proxectos, a confiar en nós.

Se a situación seguise como ao principio de mandato creo que

teríamos poucas posibilidades, pero fumos quen de deixar a un lado rivalidades para traballar polo ben común, sabendo coordinar con outras administracións e demostrandolle á cidadanía que non lle temos medo ao traballo e que sabemos xestionar.

Xurxo Gregorio | Concelleiro do PSdeG-PSOE de Salceda

## “É necesario un goberno progresista en Salceda”

**Qué razóns estimularon ao PSOE a pactar un goberno bipartito con Movemento Salceda?**

A necesidade de dar estabilidade á cidadanía de Salceda. O PSdeG considera que a sensación de inestabilidade política que supoñía un goberno de só 4 persoas, no que se apoiaba sen participar nel non era ben visto pola cidadanía; es parte de algo pero ó

mesmo tempo non participas e tomas decisións que logo non executas. O PSdeG é un partido de goberno e debe ser consecuente coas políticas e decisións que toma. Consideramos que é necesario darlle pulo a un goberno progresista en Salceda.

**Cales son as prioridades agora que entra no goberno municipal?**

A nivel de infraestructuras as nosas prioridades son a creación de varias vías de comunicación que xa foron explicitadas no acordo dos orzamentos coma o enlace do Ato Da Brava, o vial que une Santa María con A Gándara e o saneamento integral en todo o Concello. A nivel social darlle un pulo á participación veciñal e recuperar os consellos sectoriais.



**“Buscamos a participación veciñal e recuperar os consellos sectoriais”**

**GA**  
ORGASERCO, S.L.  
ORGANIZACION E ASESORAMENTO DE EMPRESAS

José Abrales Amil  
Economista

Avda. de Galicia, 13 Portal 3 Ofic. E Telf. 986 33 82 90 - Fax 986 34 43 87  
36400 - O Porriño (Pontevedra) abraldes@orgaserco.es

**¡ROMPEMOS LOS PRECIOS!  
MEJORAMOS EL PRECIO  
DE TUS SEGUROS**

**ENVÍANOS UN WHATSAPP Y  
TE ENVIAMOS PRESUPUESTO  
SIN COMPROMISO**

**633 60 12 57**

Rúa do Pinac, nº11, Bajo B, O Porriño  
986 33 14 50  
633 60 12 57  
josehugo.bugarin@agencia.axa.es  
segurosbugarin@gmail.com

## SALCEDA DE CASELAS

## Reedición do bipartito MS-PSOE en Salceda

**M**ovemento Salceda (MS) e PSdeG-PSOE de Salceda formalizaron un acordo para artellar unha etapa de goberno compartido durante o actual mandato municipal.

A partires do 31 de marzo, os socialistas Xurxo Gregorio e Óscar Domínguez incorpóranse ao goberno municipal asumindo o primeiro a segunda Tenencia de Alcaldía, para o cal contará con unha dedicación parcial correspondente ao 50% da xornada.

As relacións entre ámbolos dous grupos municipais melloraron claramente dende o cambio da dirección local do partido socialista e das persoas que ostentan as concellerías. Ademais das reunións ordinarias de coordinación



do goberno local, créase unha Comisión de Seguimento do Acordo, integrada por dous representantes de cada formación, que se reunirá con carácter bimensual para avaliar o cumprimento dos compromisos asumidos.

O concelleiro Xurxo Gregorio

asumirá Participación Cidadá; Comercio; Axenda Urbana; Formación e Emprego; e Transporte. Pola súa banda, Óscar Domínguez asumirá as concellerías de Memoria Democrática; Transparencia e Bo Goberno; e Seguimento de Plans e Programas.

## Renovación da Praza de Abastos

**A** Praza de Abastos de Salceda reabriu este 1º de abril logo de máis dun mes sen servizo de venda de peixe fresco polas obras que se están a levar a cabo no edificio. O Concello acadou unha subvención de 196.589,04 € da Xunta para sufragar o 80% das obras nesta III fase de reforma, aportando o propio Concello o 20% restante de fondos propios (49.147,26 €).

O edificio vai presentar unha nova imaxe logo de que se cambie o pavimento existente, de terrazo ata o de agora, e que pasa a ser un chan de morteiro armado con fibras de polipropileno.



A outra parte da reforma consistiu na mellora da accesibilidade coa instalación dun ascensor montacargas que conecta directamente a zona de venda de produtos coa

zona de aparcadoiro existente na parte posterior do edificio. Habilitarase tamén unha zona de recollida de pedidos para uso da clientela.

## O alumnado coñeceu a importancia da auga

**O** Consorcio Augas do Louro e Aqualia pecharon dúas semanas de intensa actividade divulgativa nas que participaron medio millar de ne-

nas e nenos de diferentes centros educativos dos catro Concellos que conforman o Consorcio: Tui, O Porriño, Salceda de Caselas e Mos. Con motivo dos Días Mun-

diais da Auga e do Medio Ambiente, o alumnado participará nun concurso de cartaz sobre os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.

## Salceda e Salvaterra concilian “con corazón”



**T**ras o éxito das anteriores edicións do programa “Acompañámoste: Conciliación con corazón”, os Concellos de Salceda e Salvaterra continúan impulsando iniciativas para favorecer a conciliación familiar e prover a corresponsabilidade nos coidados.

Nesta iniciativa contan coa subvención ao Plan Correspon-

sables por parte da Xunta e do Ministerio de Igualdade, para reducir a desigualdade de xénero entre mulleres e homes nos coidados e na xestión do tempo. O plan conta con acción formativa e un apartado de sensibilización en igualdade a través do teatro que percorrerá as parroquias de ambos Concellos.

## Nova pista de pump track



**A** través dunha iniciativa da mocidade salcedense, o Concello construírá a nova pista de pump track nos terreos contiguos ao Parque Mártires de Sobredo, logo de solicitar a achega a través do III Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas da Deputación de Pontevedra, que vén de aprobar a mencionada solicitude.

O proxecto conta con un orzamento total de 52.010,78 €, financiados ao 100% dentro do

PEID. Construírse unha pista de pump track de 730 m2 asfaltado que permitirá o seu uso tanto por ciclistas, como por practicantes de calquera deporte sobre rodas sen motor, nun entorno controlado e seguro. A consecución da financiación para o pump track coincide ademais coa aprobación da financiación de máis de 1.000.000 € para a urbanización do PERI A Gándara que dará continuidade á actual rúa Mártires de Sobredo.



## A Universidade de Vigo chega ao espazo coa misión Artemis II

O Grupo de Tecnoloxía Aeroespacial ATRG, do centroatlanTTic da UVigo participa no seguimento da misión Artemis II da NASA, cuxo primeiro lanzamento se realizou este 1 de abril desde o Centro Espacial Kennedy de Florida (EEUU). A misión marca o regreso dunha tripulación humana ás proximidades da Lúa.

Segundo explica Fernando Aguado Agelet, director do grupo de investigación ATRG, o proxecto, que conta coa cooperación establecida coa empresa tecnolóxica española Integrasys, realiza tarefas de seguimento te-



rrestre da cápsula Orion “que emitirá sinais de radio en banda S que poden actuar como un faro ou latexo electrónico e será captado polas antenas da UVigo e Integrasys para escoitar ese pulso que provén do espazo profundo”.

## UVigo SpaceLab lanzará misión espacial dende China

Co apoio da Zona Franca, o proxecto BIXO, Bacteriological Intercommunication eXperiment in Orbit, por estudantes da UVigo Space Lab, está practicamente listo para afrontar a súa primeira misión espacial biolóxica: levará ao espazo unha bacteria a fin de estudar o seu comportamento durante 9 meses para saber como lle pode afectar a un organismo vivo unha exposición prolongada ao ambiente espacial.

BIXO será lanzado ao espazo nun foguete desde China, ao ga-



ñar o Space Universities Cubesat Challenge, organizado pola Federación Astronáutica Internacional (IAF) e a Sociedade Astronáutica China (CSA) en 2022,

onde competiron con equipos de estudantes doutras 200 universidades. BIXO será lanzado pola Academia China de Tecnoloxía de Vehículos de Lanzamento.

## Gala aRi[t]mar da música e a poesía galego-portuguesa

Despois dun mes de votacións e máis de 5.000 participacións do público xeral, a gala aRi[t]mar da música e a poesía galego-portuguesa xa ten as súas cancións elixidas como Mellor Música do 2025 na Galiza e Melhor Música de 2025 em Portugal.

Neste caso, os usuarios acordaron que “Será por flores”, de Uxía, foi a Mellor Música do 2025 na Galiza. Pola parte lusa, Menina, de Mar en colaboración con Carolina Deslandes, foi elixida como Mellor Música de 2025 em Portugal.



## “En Loita”: as mulleres no movemento estudantil galego

A cooperativa Mazarelos ven de presentar “En Loita” (2026), un documental realizado pola Asociación Memoria e Cinema e o grupo de investigación HISTAGRA que recupera e visibiliza a participación das mulleres no movemento estudantil galego entre o tardofranquismo e os primeiros anos de democracia a partir das voces de catro mulleres pertencentes a distintas xeracións universitarias: María Xosé Rodríguez Galdo, Nanina Santos Castroviejo, Sabela Mouriz Barja

e Celia Balboa Guerra.

Este proxecto foi galardoado nos VII Premios Luisa Villalta a proxectos pola igualdade da Deputación da Coruña.

Esta peza audiovisual non pecha unha historia nin ofrece un resultado definitivo. É, máis ben, o punto de partida dun proceso aberto de recuperación, memoria e encontro deste proxecto. Pódese formar parte, achegar testemuñas ou contribuír con información e documentación, contactando con enloita@mazarelos.gal

Máis información na nosa web  
[www.novasdоеixoatlantico.com](http://www.novasdоеixoatlantico.com)

# PFC Condado

**TANATORIO ARBO**

**TANATORIO PONTEAREAS**

**TANATORIO TUI**

**TANATORIO TOMIÑO**

**+55**  
 Pompas Fúnebres del Condado  
 2025 (Novembro 2024)

*Gracias*